

A Voz do Miño



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Xornal escolar do Centro de Educación Especial Miño de Velle, Ourense. Febreiro do 2017.

O CEE Miño traballa por proxectos

Ao longo deste curso escolar 2016-2017 estase a levar a cabo o proxecto CHOCOLATA no CEE MIÑO na localidade de Velle


Os xornalistas do Cee Miño queren dar a coñecer o centro e o tipo de ensino que se está a realizar, a través da protagonista do proxecto deste curso. Este Proxecto xorde despois de descubrir a canción baseada no conto Chocolate, de edicións OQO o curso pasado, e observar o interese do alumnado.



Entrevistamos a Chocolata

A protagonista deste curso
cóntanos as actividades que o
alumnado leva a cabo este
curso 16-17

Os nosos xornalistas:
O alumnado fala do centro



Os ovos da Galinha azul e os desexos para o Nadal e Aninovo

Pinata de Magosto imitando a chocolateira

Arthur: "Aquí recibo moito cariño e aprendo moito, tanto do traballo nas aulas e talleres coma no internado."

Conversamos cun dos nosos alumnos, escolarizado en modalidade combinada co CEE do Pino

O CEE Miño achégase o traballo por proxectos

O traballo arrancou cunha dramatización do conto orixinal e unha adaptación do mesmo con pictogramas de Arasaac. Os profesionais do centro programaron diferentes actividades nas que se pretende que o alumnado desenvolva as competencias clave e traballe contidos como as emocións, o esquema corporal, a roupa e os alimentos de cada estación xunto coas festividade correspondentes. A actividade final sería a elabo-



ración dun conto propio baseado nas experiencias traballadas no curso.

UN CENTRO DIVERSO E DINÁMICO

O centro conta cos seguintes servizos: de internado, de luns a venres con educadores e coidadores, de transporte, diario para os externos e de fin de semana para os internos, sanitario, con médico, enfermeira e fisioterapia e servizo de comedor. Todos eles están xestionados dende o propio centro. No servizo educativo conta con 10 aulas cuio titor é mestre en en Pedagogía Terapéutica, ademais de especialistas en Música, E. F., Multisensorial, Audición e Linguaxe, Relixión, adxunta de taller



e Orientadora. O horario docente consta de 5 sesións pola mañá e recreo. Durante a sesión da tarde agrúpanse por obradoiros. No horario de comedor escolar contamos con actividades que realizan o persoal laboral docente, fisioterapeutas e ANPA. Unha vez rematada a xornada escolar o alumnado interno leva a cabo actividades cos educadores e coidadores. O centro conta con amplas instalacións e dotación de materiais e programas adaptados, aínda que o avance das tecno-

loxías fai que precisemos actualización de medios informáticos. Vanse dotando os distintos espazos de Encera-

dos Dixitais Interactivos e tablets, importantes para aplicar os distintos sistemas de comunicación (SAAC).

Homenaxe a Carlos Casares

Partindo do obxectivo de traballar a figura e obra de Casares ao longo deste ano, e non só no día das Letras Galegas, substituíuse a garza que aparece no conto orixinal de Chocolate, pola Galiña Azul, da obra de Carlos Casares co mesmo nome. A elección desta personaxe foi polas dificultades que atopa por ser diferente.



Entrevistamos a: Chocolate



Dende Biblioteca e coas titoras, todos os venres se organizan sesións de lectura e préstamo.

Un dos nosos xornalistas entrevista a Chocolate para que conte algunha das tarefas que realiza no Cee Miño.

P: Este curso ademais do espazo da Biblioteca, creouse un Recuncho de lectura e exposición de novidades na planta principal, que tarefas se realizan?

R: Certo, é un Recuncho que leva o meu nome pois coa axuda dos meus amigos, a dinamizadora da Biblioteca e as titoras, todos os venres organizan sesións de lectura e préstamo.

P: Tamén participas en todas as festas, que podes con-

tar?

R: Si, tanto as dinamizadoras coma as titoras pídenme axuda para celebrar as distintas festividade, a min gústanme moito todas as tarefas que me encomendan, así no outono vestíronme coa roupa da estación que cada aula confeccionou, no Samaín fíxen de bruxa para axudar a facer un mural moi feitiцеiro; logo chegou o magosto e can-

taron e bailaron ata romper a piñata que fixeron entre todos e que alguén encheu de lambetadas.

P: Xa vexo que traballas e te divirtes moito, pero polo Nadal dixéronme que estabas un chisco triste, que che pasaba?

R: Si, porque quedaba soa no centro, pero entre os meus amigos e o alumnado axiña me pasou. Organizáronme

unha cea moi especial, cada un trouxo un prato delicioso, comemos e bailamos. Foi xenial. Tamén organizaron un festival no que cantamos panxoliñas coas familias e decoramos a árbore cos ovos da Galiña

Este tipo de alumnado en Ourense só ten a opción de residencias e centros ocupacionais que non son públicos ou ir para a casa coas familias. Os centros públicos que os poidan acoller atópanse noutras provincias.




Chocolate acompaña os nenos en festividade coma o Nadal

A experiencia de Arthur

Arthur é un alumno de 15 anos que leva matriculado catro cursos no CEE Miño, e, como novidade este ano, comezou unha escolarización combinada co CEE O Pino, ao que asiste en horario escolar de 10:30 a 16:15, o resto da xornada de luns a venres asiste ao internado do CEE Miño.



P: ¿Arthur, que nos podes contar da túa experiencia no Cee Miño? Levántome ás 8:30, dúchome e agardo polo almorzo dende as 9 ata ás 9:30 na sala da televisión.



Despois vou para o CEE Pino nun autobús que trae ao alumnado de réxime externo.

P: ¿É que fas cando rematas a xornada?

Si, tráeme un bus ás 16:15, que despois recolle ás 17:00 ao alumnado externo, e vou ao taller de Musicoterapia, logo vou merendar cos meus compañeiros. Ao rematar vou cun grupo de compañeiros e cos meus educadores a traballar nos talleres, que me gusta moito.

Máis tarde voume duchar,

cear e ver a televisión e despois déitome.

P: ¿Cales son as túas tarefas favoritas?

Das cousas que máis me gustan, que fago aquí, son os talleres de xardinería e a carpintería. Tamén me gusta moito coidar as galiñas e uns coellos que temos. Ah!! E tamén me gustan moito as saídas do cole!

P:¿En que consisten esas saídas ?

Pois as saídas, que facemos cos educadores, son ir ao ci-

ne, ao centro comercial, facer andainas e ir a unha area recreativa a xogar e a facer o magosto, ir ver algún partido de fútbol cando non o televisan

P:¿Cómo é estar en dous centros diferentes no mesmo día?

Ao principio custoume un pouco e tiña vergoña mentres non coñecín aos outros compañeiros, pero despois xa me adaptei ben.

Será difícil estar lonxe da túa familia de luns a ven-

res , ¿qué tal o levas?

Custoume un pouco, sobre todo ao principio cando vin e botaba moito de menos a miña familia. Agora sígoos botando de menos, pero aquí teño moitos amigos e pasámolo moi ben, sempre teño cousas para facer e nunca me aburro. Aquí recibo moito cariño e aprendo moito, tanto do traballo nas aulas e talleres coma no internado.

Entrevista realizada por Xosé Manuel, educador do CEE Miño dende hai 12 anos.

Entrevistamos a: **Chocolata**

P: Á volta das vacacións de Nadal tiñas unha proposta para o alumnado, podes contarnos algo?

R: Durante as vacacións a

Galiña Azul todas as noites mentres durmía non deixaba de soñar, que quería bicos, apertas, xogos ... Así que lles pedín celebrar o día da Paz



agasallando a Galiña sacos cheos do que ela pedía, apertas, bicos, sorrisos, xogos e axuda. Este ano a Pomba da Paz no Cee Miño quedou representada pola nosa Galiña Azul.

P: Neste centro hai un aula que ten unha formación académica diferente, pódeme dicir de que se trata?

R: Si, o alumnado da Aula 10 forma parte do Módulo de Formación Profesional Básica (PFB) sobre Xardinería e Viveirismo, para realizar este


módulo requírense certas habilidades mínimas que os capaciten para realizar tarefas sinxelas relacionadas coa Xardinería e Viveirismo entre outras. Eu cando me permiten acompañalos pásao moi ben nas tarefas do xardín, da horta e coidando dos animalíños, galiñas e coellos.

P: Só unha última pregunta. No centro a escolaridade

O alumnado da Aula 10 forma parte do Módulo de Formación Profesional Básica sobre Xardinería e Viveirismo

remata aos 21 anos, despois a onde vai este alumnado?

R: Esa é unha pregunta difícil, este tipo de alumnado en Ourense só ten a opción de residencias e centros ocupacionais que non son públicos ou ir para a casa coas familias. Os centros públicos que os poidan acoller atópanse noutras provincias.



Os alumnos móstrannos algún dos espazos destacados do centro

Os nosos xornalistas

Os talleres



no taller As Nosas Cousiñas



no Taller dos Contos



no taller de Expresión e Relaxación



Ritmos no taller de Musicoterapia



no taller Exploramos cos Sentidos

O módulo de FPB



O alumnado do FPB realiza tarefas na horta, no Xardín e coidan dos animais

Os servizos de saúde



Visita a doutora e enfermeira



Tarefas nas aulas das Fisioterapeutas



As instalacións



Relaxación na aula de Multisensorial

Na elaboración deste xornal contamos con toda a comunidade educativa do CEE Miño, o proxecto foi coordinado entre todos os Equipos de Dinamización do centro